



plumier

amador

amador de la casa

blanco

Periódico
Buenos Aires

ordado
encargado

IX CICLO ARTE NO CELULOIDE BIOGRAFÍAS DE ARTISTAS 2ª parte

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña Sede: Salón de actos Horario: 20.00 h Entrada libre

Mércores, 11 de maio

Pollock, a vida dun creador

(EE.UU., 2000) 122 min

FICHA TÉCNICA

Director: **Ed Harris** Guión: **Barbara Turner & Susan J. Emshwiller** (Novela: Steven Naifeh & Gregory White Smith) Producción: **Sony Pictures Classic** Director artístico: **Peter Rogness** Fotografía: **Lisa Rinzler** Música: **Jeff Beal** Vestiario: **David C. Robinson** Montaxe: **Kathryn Himoff**

FICHA ARTÍSTICA

Intérpretes: **Ed Harris, Marcia Gay Harden, Tom Bower, Jennifer Connelly, Bud Cort, John Heard, Val Kilmer, Robert Knott, David Leary, Amy Madigan, Sally Murphy, Molly Regan, Stephanie Seymour, Matthew Sussman, Jeffrey Tambor, Sada Thompson, Norbert Weisser**

SINOPSE Os amantes e artistas contemporáneos Jackson Pollock e Lee Krasner atópanse no centro da escena artística de Nova Yorke na década dos coarenta, pero mentres que Krasner deixa a un lado o seu traballo para impulsar a carreira de Pollock, este revélase emocionalmente. Xuntos escapan ao campo para contraer matrimonio e, moi pronto, Pollock comeza a crear a arte que o converteu no primeiro pintor do modernismo dentro dos Estados Unidos. Pero a fama e fortuna chegan acompañadas de episodios de comportamento violento e dúbidas existenciais; desta maneira, a vida de Pollock ameaza cunha catástrofe.

O DIRECTOR **Edward Allen Harris**

(Englewood, New Jersey, 1950), é un actor, produtor e director gañador do Globo de Ouro. Descuberto o seu interese pola interpretación despois de actuar en varias obras teatrais na universidade, inscribiuse na facultade de artes dramáticas da Universidade de Oklahoma. Comezou a actuar ao mesmo tempo ante o público no teatro local, onde cosechou un éxito notable. En vista diso, trasladouse a Los Ángeles, onde continuou os seus estudos de interpretación no California Institute of the Arts. En 1983 converteuse nunha estrela, grazas á súa intervención na película *Elixidos para a gloria*. A partir de entón Harris foi cimentando a súa fama como actor de carácter, interpretando toda clase de personaxes en numerosas películas. Foi candidato en tres ocasións aos Óscar, unha delas como mellor actor principal por *Pollock*. Mostrando interese pola dirección, fixo o seu debut como director en 2000 con esta película, que obtivo varios premios Óscar.

Mércores, 18 de maio

A paixón de Camille Claudel

(Francia, 1988) 170 min

FICHA TÉCNICA

Director: **Bruno Nuytten** Guión: **Bruno Nuytten & Marilyn Goldin** Producción: **Les Films Christian Fechner / Lilith Films I.A. / Gaumont / Antenne-2 / Films A2 / DD Productions / Ministère de la Culture et de la Communication / Centre National de la Cinématographie (CNC) / Sofica Créations / Sofimage / Soficas Investimages / Images** Fotografía: **Pierre Lhomme** Música: **Gabriel Yared** Montaxe: **Pierre Lhomme**

FICHA ARTÍSTICA

Intérpretes: **Isabelle Adjani, Gérard Depardieu, Alain Cuny, Madeleine Robinson, Roger Planchon, Philippe Clévenot**

SINOPSE Camille desde moi nena sentiu gran paixón pola arte e especialmente pola escultura á que dedica gran parte da súa vida. O escultor Auguste Rodin foi o seu mestre e Camille converteuse na súa musa, iniciando unha tormentosa relación protagonizada polas numerosas crises e rupturas. A escultora tivo unha axitada vida sentimental e o reflectiu na súa obra, unha vida na que tamén botaba un pulso á súa propia liberdade nunha sociedade que non se axeitaba ás súas ideas. Nos seus últimos días viviu como unha mendiga e finalmente foi internada nun psiquiátrico polos seus problemas mentais.

O DIRECTOR **Bruno Nuytten** (Melun, Seine-et-Marne, Île-de-France, 1945). *Camille Claudel*, a súa primeira película como director e guionista, gañou o César á mellor película en 1989. Outros traballos como director foron *Albert souffre e Passionnement* (2000), protagonizada por Charlotte Gainsbourg. Como director de fotografía fixo *Les Valseuses, Barocco, La Meilleure manifestante de façon, As irmás Bronte, Brubaker, Garde à vue, Posesión, Saganne Fort, So long, Jean de Florette* e *Manon des Sources*. Gañou o Premio César á mellor fotografía en 1977 e 1984, e foi nomeado en 1980, 1982, 1985 e 1987. Na actualidade é profesor da Escola Nacional de Cine *La Fémis*.

Mércores, 25 de maio

Frida, natureza viva

(México, 1983) 108 min

FICHA TÉCNICA

Director: **Paul Leduc** Guión: **Paul Leduc e José Joaquín Blanco** Producción: **Clasa Films Mundiales** Productor executivo: **Dulce Kuri** Fotografía: **Ángel Goded** Música: **Fragmentos de pezas de Camille Saint-Saëns** Son: **Ernesto Cato Estrada e Penelope Simpson** Director artístico: **Alejandro Luna**

FICHA ARTÍSTICA

Intérpretes: **Ofelia Medina, Juan José Gurola, Max Kerlow, Claudio Brook, Salvador Sánchez Cecilia Toussaint, Ziwta Kerlow, Valentina Leduc, Lolita Cortez, Gina Morett, Margarita Sanz, Juan Angel**

SINOPSE Baseada na vida da pintora mexicana Frida Kahlo, e narrada dunha forma poética e rica en imaxes, mostra pasaxes da vida desta muller desde a súa infancia ata a súa morte, pasando pola súa relación co seu pai Guillermo Kahlo, o seu marido Diego Rivera, o exiliado ruso León Trotsky, o pintor David Alfaro Siqueiros, as súas relacións bisexuais, a súa intimidade, a relación coa súa irmá Cristina, entre outros momentos destacados da pintora latinoamericana máis famosa e cotizada do mundo.

O DIRECTOR **Paul Leduc Rosenzweig**

(Cidade de México, 1942). Ademais de varios documentais de tema social, é autor dos seguintes filmes de ficción: *Reed, México Insurgente* (1970), a súa opera prima, narrado case como documental; *Frida, naturaleza viva* (1984), que recibiu o Premio Ariel na categoría de guión cinematográfico entre outros premios nacionais e internacionais; *Barroco* (1988), adaptación do *Concierto Barroco* de Alejo Carpentier; *Latino Bar* (1991), adaptación de *Santa*, novela de Federico Gamboa; *Dollar Mambo* (1993), sobre a invasión estadounidense a Panamá; e *Cobrador* (2006), adaptación dunha serie de contos de Rubem Fonseca. O seu cine contén tanto preocupacións sociais como estéticas. A mediados da década de 1990, retirouse varios anos do cine de autor para dedicarse á animación dixital, antes de voltar ás pantallas en 2006 para dirixir *El cobrador*, presentada en España na Semana Internacional de Cine de Valladolid que recoñeceu a traxectoria do director.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA